

A OMC quiere impor a desregulación laboral e a privatización dos servizos públicos

NA cidade de Doha (Qatar) en novembro do ano 2001 principiou unha nova “rolda” de conversas para impulsar a globalización da economía, abrindo máis os mercados, ou sexa, reducindo aranceis e todos os mecanismos que a nivel nacional permitan controlar a economía de xeito real; por exemplo, subvencionado sectores que se consideran estratéxicos para o desenvolvemento ou garantir o emprego. A rolda de negociacións de Doha debería rematar na reunión que vai ter lugar en Hong Kong (China) do 13 ao 18 de decembro deste ano.

As negociacións céntranse fundamentalmente nos trips (a chamada propiedade intelectual), e no sector servizos (nada menos que en 170 subsectores) e, como contrapartida, os países do sur máis fortes exixen sobre todo a redución dos aranceis e de subvencións nos estados industrializados á agricultura, e a unha apertura dos mercados laborais aos traballadores e traballadoras cualificados dos países do sur (unha copia reducida da “Directiva Bolkestein”).

Os estados centrais ou industriais que controlan a investigación e fixeron a inmensa maioría dos rexistros de patentes (mesmo de vida mais diversa e tradicional) queren cobrar abusivamente pola súa utilización total e parcial, así como privatizar os servizos públicos, asegurando así novas ganancias, para o que necesitan eliminar calquera norma que favoreza o control nacional dos sectores estratéxicos.

En todos os casos, e calquera sexa o bloque negociador, os únicos intereses que se están a defender na OMC son os dos empresarios máis poderosos de cada país, os das multinacionais e os das empresas exportadoras ou importadoras. Deféndese a concentración e centralización, e non está presente a voz do pobo, dos traballadores e traballadoras e os seus intereses.

Este proceso atinxe polo tanto moi negativamente ao noso país e, fundamentalmente, aos traballadores e traballadoras de Galiza, xa que carecemos de estado propio e que defenda os nosos intreses. Serán poucas as empresas e sectores beneficiados e moitos os que perdan toda posibilidade de competir e polo tanto producir e xerar emprego. As consecuencias da apertura de mercados será o peche e deslocalización de empresas: máis desemprego, emigración e peores condicións laborais.

NON Á GLOBALIZACIÓN NEOLIBERAL

NON Á PRIVATIZACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS, AO PECHE DE EMPRESAS, Á DESLOCALIZACIÓN EMPRESARIAL E Á DESREGULACIÓN LABORAL

POR UNHA ECONOMÍA E UN MUNDO SOLIDARIOS!

Manifestación

15 de decembro ás 12h
na alameda de Santiago



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com